Vicens Vives
Educación Primaria

aula activa

SOCIAIS

3

Tema 07

As actividades produtivas

GUÍA DIDÁCTICA

- **Orientacións didácticas**
- **Solucionario**
- **Competencias Clave - Intelixencias Múltiples**
- **Atención á diversidade**
  - Actividades de Reforzo
  - Actividades de Ampliación
- **Recursos Didácticos**
  - Navegamos por Tiching
- **Libro Dixital**
- **Educamos en valores**

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina de entrada o alumnado realizará un primeiro contacto coas actividades produtivas observando e analizando o traballo dun oleiro.
- Tamén leremos unha entrevista realizada ó oleiro da fotografía. Os alumnos deberán:
  - Responder preguntas sobre as ferramentas que utiliza no seu traballo.
  - Buscar na Internet imaxes de produtos elaborados por oleiros.
  - Analizar o contido da entrevista.

Solucións das actividades

1. Na fotografía, o oleiro utiliza o torno e as súas propias mans para modelar a arxila.

Non obstante, hai unha serie de ferramentas auxiliares que complementan o traballo no torno, como son:

- O barreño, recipiente con auga para ir humedecendo a peza.
- O arame, sedela ou fío para separar a vasilla do disco, unha vez rematada.
- Esponxa para limpar a peza e decorala.
- Fragmento de vasilla cóncava para modelar pratos e concas.
- Media cana vexetal para brunir a superficie das pezas.
- Tira de badana ou tea para afinar as beiras.
- Baleirador, ferramenta con aspecto intermedio entre coitelo e espátula.

2. Actividade persoal. Podemos guiar os alumnos nos pasos que deberán seguir:

1. Escribirán no buscador "pezas de cerámica" e farán clic en Buscar.
2. Seleccionarán a pestana "Imaxes".
3. Escollerán as imaxes coas pezas que lles gusten.

Despois, comentaranas cos seus compañeiros.



Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Intrapersoal	5	Reflexionar acerca das dificultades que teñen os traballadores artesanais.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Valorar as achegas das diversas profesións ao benestar xeral. Expor as actividades que permiten a obtención de produtos naturais e a súa transformación.	Expor as características do traballo dun oleiro e recoñecer os produtos que fabrica. Act. 1-4. Identificar as problemáticas actuais que afronta o traballo artesanal. Act. 5.
Dixital	Utilizar as Tecnoloxías da Información para aprender. Interpretar imaxes e detectar a información que transmiten.	Buscar imaxes de produtos fabricados por oleiros. Act. 2. Identificar as ferramentas do oleiro nunha imaxe. Act. 1.
Comunicación lingüística	Ler un texto e responder as preguntas sobre o seu contido. Utilizar diferentes variantes do discurso.	Ler un artigo xornalístico sobre o traballo dun artesán oleiro e comentar o seu contido. Act. 3-5. Redactar un texto con problemáticas do traballo artesanal. Act. 5.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Entrevista a un ourive

Neste tema descubrirás:

- Cales son as actividades que lles permiten ás persoas obteren os produtos naturais.
- Como se transforman as materias primas nos produtos elaborados.
- Que actividades forman parte do sector dos servizos.
- Cal é o camiño que segue un produto desde que se elabora ata que o mercamos.

A primeira vez que traballou unha peza de barro coas mans aínda ía ao colexio. Cando rematou os estudos entrou no obradoiro de seu pai, ourive, para axudarlle e aprender a seguir os seus pasos. José Fernando Bermejo, de Salvaterra dos Barros, ten agora 30 anos e vende as súas propias creacións. Esta semana o seu posto pasou pola praza de España en Mérida.

–Necesítase dalgunha calidade específica para se dedicar a esta profesión?

Só que che guste, porque é un traballo moi sacrificado. Hai fillos de ourives que marchan da casa para estudar unha carreira porque viviron os enormes esforzos de seu pai. (...)

–Que é o máis difícil da artesanía?

As vendas. A xente xa non valora a artesanía igual ca antes. Na antigüidade, as creacións dos ourives eran prácticas; agora utilízanse como obxectos de decoración (...).

–Visitou moita xente o teu posto?

Si, moitísima, pero a maioría só miraban. Escoitamos moitos "que bonito" pero poucos se animaron a mercar.

–Cal é o traballo máis complicado que fixeches?

Un portal de Belén. Eran tantas pezas, e tan pequenas, que me resultou bastante complicado.

–E que é o mellor da profesión?

A satisfacción e crear, de saber que tes esa capacidade. E non é que todo saia como ti querías, senón que a peza vai saíndo pouco a pouco.

Entrevista do *diario Hoy*, 10 de setembro de 2006 (tradución).

1. Observa a imaxe e describe que ferramentas utiliza o ourive para elaborar as súas pezas.
2. Busca na Internet imaxes dalgúns produtos que fosen fabricados por artesáns ourives.

Le e comprende

3. Cando e como fixo José a súa primeira peza de barro? A que se dedicaba seu pai?
4. Cal é o traballo que lle custou máis facer? Que é o que máis lle gusta da aurivaría?

Exprésate coas túas palabras

5. Fíxate no que di este ourive e anota os problemas que teñen as persoas que traballan nesta profesión.

3. Xosé fixo a súa primeira peza de barro coas mans cando aínda ía ao colexio.

   O seu pai era oleiro.

4. O traballo que máis lle custou facer foi un portal de Belén porque eran tantas pezas e tan pequenas que lle resultou moi complicado.

   O que máis lle gusta da olería é a satisfacción de crear, de saber que tes esa capacidade creativa, aínda que non todo saia como un queira.

5. Actividade persoal. Os problemas relacionados con esta profesión son os seguintes:
   - É un traballo moi sacrificado que implica enormes esforzos.
   - A xente xa non valora a artesanía como antes, cando as creacións dos oleiros eran prácticas. Agora son obxectos de decoración.
   - Moita xente visita os postos de cerámica pero poucos mercan. O máis difícil son as vendas.

Actividades de reforzo

1. Repartiremos anacos de plastilina entre os alumnos e as alumnas para que os modelen e constrúan libremente unha figura.

Tamén podemos repartir barro para que a sensación sexa máis próxima á que experimenta o oleiro no seu traballo.

Esta actividade poderíase complementar cunha visita a un taller de olería.

Solución: Actividade persoal.

Navegamos por Tiching

- http://www.tiching.com/685852 – Este video móstranos distintas imaxes que ilustran as diferentes actividades produtivas que poden existir. Tras velo podemos preguntarlle ao alumnado:
  - *Recoñeciches algunha das actividades produtivas?*
  - *Coñeces algunha delas? Sabes en que consiste?*
  - *Poderías nomear algunha outra actividade produtiva que non saia no vídeo?*

Libro dixital

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Anotacións

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta sección ten por obxectivo que os alumnos tomen un primeiro contacto coa obtención dalgúns produtos naturais:
  - Analizaremos en que consiste a agricultura.
  - Coñeceremos os diversos cultivos agrarios.
  - Analizaremos en que consiste a gandería e cales son os principais tipos de gando.

Solucións das actividades

1. A agricultura é unha actividade que consiste en traballar e cultivar a terra para obter dela diversos alimentos como froitas, verduras, hortalizas, cereais, e outros produtos vexetais como o algodón ou o liño para facer tecidos. As persoas que se dedican á agricultura chámanse campesiños ou agricultores. A agricultura é unha actividade que hoxe en día está moi mecanizada porque a maior parte dos traballos se levan a cabo coa axuda das máquinas.

2. Un cultivo agrario é un producto que se obtén da agricultura como, por exemplo, o trigo, as hortalizas, as mazás ou as cereixas.

   Todos os cultivos agrarios necesitan auga para medrar.

3. A diferenza entre os cultivos de regadío e os cultivos de sequeiro está, xustamente, na forma en que obteñen a auga para o seu crecemento.

   Os cultivos de sequeiro necesitan pouca auga e medran coa que reciben da chuvia. Son cultivos de sequeiro o trigo, a videira, a oliveira, a cerdeira, e os froitos secos como as abelás e as améndoas.

   Os cultivos de regadío necesitan abundante auga para medrar polo que deben regarse coa auga de pozos e ríos a través de canles. Son algúns exemplos de cultivos de regadío as hortalizas como os tomates, os pementos e as leitugas, e as froitas como as mazás, as laranxas e os plátanos.

1 A obtención de produtos naturais (I)

Os produtos naturais son as materias que as persoas obteñen directamente da natureza. Estes produtos proceden de actividades como a agricultura, a gandaría, a pesca ou a minaría.

1 A agricultura

A agricultura consiste en traballar e cultivar a terra para obter dela alimentos (froitas, verduras, hortalizas, cereais...) e outros produtos vexetais (algodón ou liño para facer tecidos, etc.).

As persoas que traballan na agricultura chámanse campesiños ou agricultores.

Na actualidade, a agricultura está moi mecanizada, isto é, a meirande parte dos traballos realízanse coa axuda de máquinas.

As máquinas permítenlles aos agricultores facer o seu traballo con menor esforzo.

2 Os cultivos agrarios

Na agricultura de secaño, a auga da chuvia é a única que rega os campos.

A rega por aspersión é un dos métodos de rego dos cultivos de regadío.

Os produtos que se obteñen da agricultura denomínanse **cultivos agrarios**.

Todos os cultivos necesitan auga para medraren. Segundo a forma en que se obtén a auga para o seu crecemento, divídense en:

- **Cultivos de secaño**. Son os que precisan pouca auga e medran coa auga que reciben da chuvia.

  O trigo, a vide, a oliveira, a cerdeira e os froitos secos (abelás, améndoas...) son cultivos de secaño.
- **Cultivos de regadío**. Son aqueles que necesitan abundante auga para medrar e que se regan coa auga de pozos e ríos a través de canles.

  As hortalizas, como os tomates, os pementos e as leitugas, e as froitas como as laranxas, as mazás e os plátanos, son cultivos de regadío.

1. En que consiste a agricultura?
2. Explica o que é un cultivo agrario. Escribe algún exemplo.
3. Que diferenzas hai entre os cultivos de regadío e os de secaño?

98 Tema 7

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Valorar as achegas das diversas profesións ao benestar xeral. Expor as actividades que permiten a obtención de produtos naturais e a súa transformación.	Explicar en que consiste a agricultura e clasificar os cultivos. Act. 1-3, 6. Describir que é a gandería e clasificar os animais segundo o tipo de gando ao que pertenzan. Act. 4, 5, 7.
Comunicación lingüística	Describir elementos empregando o vocabulario propio da área.	Describir agricultura e gandería empregando o vocabulario específico da área. Act. 1, 4.
Aprender a aprender	Buscar información relevante sobre diversos aspectos da área. Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Investigar os tipos de cultivo que se poden encontrar preto da propia localidade. Act. 6. Clasificar as actividades agrícolas e gandeiras segundo os criterios expostos no libro de texto. Act. 3, 5-7.
Sentido de inciativa e espírito emprendedor	Autoevaluar os resultados dos procesos de aprendizaxe.	Comprobar o grao de comprensión dos contidos estudados no apartado. Act. 1-5.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

3 A gandaría

A **gandaría** é o conxunto de traballos relacionados coa cría dalgúns animais para obter alimentos (carne, leite, ovos) e outros produtos (pel).

Os **gandeiros** son as persoas que crían e coidan o gando.

Os principais tipos de gando son:

- **Gando ovino**: fórmano as ovellas.
- **Gando bovino** ou **vacún**: constituído por vacas, bois e touros.
- **Gando porcino**: porcos.
- **Gando caprino** ou **cabrún**: cabras.
- **Gando cabalar**: cabalos, mulas, asnos.
- **Gando avícola**: son as galiñas, os polos e os pavos.

Cría de gando en prados (extensiva)

Os animais da gandaría criada nos prados están no campo e desprázanse dun lugar a outro na procura do seu alimento: os pastos.

4. Que é gandaría?

5. Cita tres animais que pertenzan aos seguintes tipos de gando: bovino, cabalar, avícola.

Cría de gando en cortes e cortellos (intensiva)

Na gandaría criada en granxas, cortes e cortellos, os animais permanecen nunha corte ou nun cortello durante todo o ano. O gandeiro alimenta o gando dándolle penso e forraxes.

6. Escribe o nome de tres cultivos de secaño e tres de regadío.

Despois busca información sobre que tipos de cultivo son os que podes atopar preto do lugar onde vives.

7. De que formas se pode criar o gando? En que se diferencian estas dúas formas de cría?

VOCABULARIO

Canle: Vía artificial que conduce a auga ata os campos de cultivo.

Gandaría extensiva ou transhumante: Tipo de gandaría criada en prados.

Gandaría intensiva ou estabulada: Gando criado en granxas e cortellos.

4. A gandería é o conxunto de traballos relacionados coa cría dalgúns animais para obter alimentos como a carne, o leite ou os ovos e outros produtos como a pel.

5. Actividade persoal. A modo de exemplo, sinalamos os siguientes:

- Gando bovino: vacas, bois e touros.
- Gando caballar: cabalos, eguas, mulos e asnos.
- Gando avícola: pitas, polos e pavos.

6. Actividade persoal. Exemplos:

- *Cultivos de sequeiro*: a videira, o trigo, a oliveira, a cerdeira, as abeleiras, as amendoeiras, os garavanzos, os chícharos, etc.
- *Cultivos de regadío*: o arroz, os tomates, os pementos, as leitugas, as acelgas, as laranxeiras, as maceiras.

7. Existen dúas modalidades:

- *A gandería intensiva*: é a que se leva a cabo en cortes. Os animais permanecen en cortes todo o ano e o gandeiro alimenta o gando dándolle penso e forraxes.
- *A gandería extensiva*: é a que se leva a cabo nos prados. Os animais están no campo e desprázanse en busca de comida: os pastos.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/676361– Páxina web na que o alumno pode repasar a agricultura e realizar actividades relacionadas con ela.
- http://www.tiching.com/685859 – Páxina web que explica brevemente que é a actividade gandeira, a súa historia e os diferentes tipos de gandería. Tras a súa lectura podemos formular algunas preguntas sobre o seu contido:
  - *Que é a gandería? Cales son os tipos de gandería máis habituais?*
  - *En que época histórica xurdiu a gandería?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Actividades de ampliación

1. Pedirémoslles aos alumnos que describan as imaxes do libro respondendo estas preguntas:

- *Que traballo está a realizar o agricultor co tractor?*
- *Como credes que se empaquetou a palla en cilindros?*
- *En que consiste o rego por aspersión?*
- *Que vantaxes credes que ten respecto ao rego tradicional?*
- *Como é a paisaxe no que se crían as ovellas da foto?*
- *Que clase de gando vemos na última fotografa?*
- *Que pensades que debe haber nos bidóns azuis?*

Solución: Actividade persoal.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina completaremos a análise do sector primario centrándonos no estudo da pesca e a minería:

- Analizaremos en que consiste a pesca e diferenciaremos a pesca fluvial da marítima.
- Tamén clasificaremos a pesca marítima segundo sexa de baixura ou de altura.
- Comentaremos en que consiste a actividade mineira e observaremos un esquema sobre o interior dunha mina.

Solucións das actividades

1. A pesca é a actividade que consiste na captura de peixes e outros animais dos ríos, os lagos ou o mar.

A pesca que se realiza en ríos ou lagos recibe o nome de pesca fluvial.

A pesca que se realiza no mar recibe o nome de pesca marítima e pode ter dúas modalidades diferentes:

– *Pesca de baixura*: é a que se leva a cabo con pequenas embarcacións nas augas próximas á costa. O peixe véndese cada día na lonxa.

– *Pesca de altura*: realízase lonxe da costa con grandes buques de pesca que conteñen grandes cámaras frigoríficas e conxeladores para conservar o peixe durante o tempo que están no mar.

2. A minería é a actividade que consiste na extracción de minerais do interior da Terra.

Os filóns son as zonas nas que se encontran os minerais e para chegar a eles é necesario abrir pozos e galerías de acceso.

Os mineiros son as persoas que traballan nas minas.

3. Actividade persoal. Despois realizarán unha posta en común para comparar os traballos.

4. Os traballos que realizan os mineiros e que aparecen no debuxo son os seguintes:

2 A obtención de produtos naturais (II)

Ademais da agricultura e da gandaría, outros traballos relacionados coa obtención de produtos naturais son a pesca, que se desenvolve nos ríos e mares, e a minaría, que se realiza no interior da Terra.

1 A pesca

A pesca é a captura de peixes e doutros animais dos ríos, dos lagos e do mar. Os pescadores son as persoas que traballan na pesca.

A pesca pódese realizar en distintos lugares. Así, distínguense dous tipos:

- **Pesca fluvial**, que se realiza en ríos e lagos.
- **Pesca marítima**, que se efectúa no mar.

Asemade, segundo o lugar do mar onde se pesque, a pesca marítima pode ser:

- **Pesca de baixura**, que se leva a cabo nas augas próximas á costa con pequenos barcos. O peixe véndese cada día na lonxa.
- **Pesca de altura**, realízase lonxe da costa, con grandes buques.

Para conservar o peixe durante o tempo que están no mar, os barcos teñen grandes cámaras frigoríficas e conxeladores.

1. Que é a pesca? Explica a diferenza entre pesca marítima de baixura e de altura.

Imos pescar

Se queremos pasar un tempo divertido, podemos ir pescar.

Para iso precisamos unha cana, un carrete, fío de pescar, anzois e cebo ou reclamo.

A cana de pescar ten un carrete para alongar ou encoller o fío de pescar que leva enrolado. Na punta do fío colócase o anzol, de punta afiada, que atrapa os peixes.

Para que os peixes mordan o anzol, engánchase nel un cebo natural (miñoca, insecto, peixes pequenos...) ou artificial.

2 A minaría

Interior dunha mina en Ontario, Canadá.

A **minaría** é a actividade que o ser humano realiza para extraer minerais da terra.

Para obtelos ábrense pozos e galerías que permiten chegar aos filóns, que é onde se atopan os minerais. As principais minas son as de carbón, ferro e cobre.

As persoas que traballan nas minas reciben o nome de **mineiros**.

2. En que consiste a minaría? Que son os filóns? Quen son os mineiros?

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Valorar as achegas das diversas profesións ao benestar xeral. Expor as actividades que permiten a obtención de produtos naturais e a súa transformación.	Explicar en que consiste a pesca e clasificar as actividades pesqueiras segundo onde se desenvolvan. Act. 1, 3. Describir que é a minería e expor os traballos que fan os mineiros. Act. 2, 4, 5.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Participar de forma autónoma na planificación de actividades.	Visitar unha peixería e solicitar información sobre os peixes que están á venda. Act. 3.
Aprender a aprender	Buscar información relevante sobre diversos aspectos da área.	Investigar os perigos laborais aos que están expostos os mineiros. Act. 5.
Dixital	Interpretar información expresada en diferentes linguaxes textuais e gráficas.	Interpretar un esquema gráfico sobre as características do traballo nunha mina. Act. 4.
Comunicación lingüística	Describir elementos empregando o vocabulario propio da área.	Describir en que consiste o traballo que desenvolven os diferentes mineiros que traballan nunha mina. Act. 4

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)



3. Visita unha peixaría próxima á túa casa ou ao colexio. Anota o nome e o lugar de procedencia dos peixes que se venden. Despois fai un debuxo dalgúns deles.

4. Observa o debuxo. Anota os traballos que fan os mineiros e indaga en que consisten.

5. Coidas que o traballo de mineiro é perigoso? Investiga a que perigos está exposto.

– *Picador*: encárgase de picar o carbón. Tamén carga e envía o picado nas vagonetas.

– *Furador*: son os que fan avanzar as galerías. Utilizan a pa para cargar e o martelo para perforar os buracos nos que despois colocan os explosivos.

– *Esteador*: encárgase de apontoar e de asegurar as paredes e os teitos das galerías.

Outros traballos de realizan os mineiros e que non aparecen no esquema son: *artilleiro, camiñeiro, tubeiro, vixilante, etc.*

5. Actividade persoal. A modo de exemplo podemos dicir que si, o traballo de mineiro é perigoso, e destacaremos cales son os principais riscos:

– Traballar en posturas forzadas ou percorrer longas distancias inclinados.

– Exposición a derrubamentos ou desprendementos de rochas, atropelos e golpes.

– Traballar con ferramentas cortantes que poden producir feridas en caso de accidente.

– Padecer a silicose, que é unha enfermidade causada ao respirar determinados compostos químicos que afectan os pulmóns e dificulta a respiración.

– Explosión por acumulación dunha mestura de gases, o grisú, que é moi perigosa.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/676368– Observaremos este vídeo sobre a pesca do atún.

A continuación podemos preguntar:

– *Pescaches algunha vez? Onde? Que pescaches?*

- http://www.tiching.com/676379– Páxina web que lles ofrece aos alumnos a posibilidade de consultar o mapa das explotacións mineiras de España.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Actividades de ampliación

1. Pedirémoslles aos alumnos que describan o debuxo do interior da mina respondendo as preguntas:

– *Cantos niveles diferentes podemos ver dentro da mina?*

– *Cantos mineiros hai en cada nivel? Que fai cada un?*

– *Que levan no casco para ver na escuridade?*

– *Como se trasladan os mineiros dun nivel a outro?*

– *Que se pode transportar dentro do ascensor?*

– *Para que serve a cinta transportadora da superficie?*

Solución: Actividade persoal e en grupo.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Esta sección céntrase na análise das actividades destinadas á obtención de produtos elaborados. Os alumnos identificarán:
  - As principais características do traballo artesanal.
  - A transformación de materias primas en produtos elaborados nas industrias.
- Ademais, comentaremos cales son os principais tipos de industrias.

Solucións das actividades

1. Os artesáns son as persoas que elaboran obxectos de forma manual, utilizando sinxelas máquinas ou ferramentas. Realizan o seu traballo nos talleres.

Son exemplos de traballos artesanais os seguintes:

- *Carpinteiros*: que elaboran pezas de madeira, como armarios, mesas, cadeiras, portas e xanelas, artesoados, etc.
- *Xoieiros*: fabrican xoias con pedras ou metais preciosos, como aneis, colares, brazais, pendentes, pulseiras, etc.
- *Oleiros*: elaboran pezas con arxila, como porróns, cántaros, concas, xerras, testos, , palmatorias, etc.
- *Ceramistas*: elaboran pezas con arxilas revestidas con esmaltes vitrificados, como botellas, concas, máscaras, pratos, tarros, louzas, etc.
- *Cesteiros*: realizan obxectos entretecendo vimbios e fibras vexetais, como cestos, cestas, recipientes diversos, etc.
- *Encadernadores*: crean libros mediante o encolado e cosido de follas de papel e a incorporación de cubertas ríxidas.
- Esparteiros*: realizan obxectos* con esparto, como bolsos, capazos, sombreiros, esteiras, etc.
- *Caldereiros*: elabora recipientes decorativos de cobre ou ferro como aceiteras, bandexas, braseiros, cazos, candís, etc.
- *Ferreiro*: fabrica obxectos de ferro como aixadas, cravos, machados, ferraduras, fouces, etc.

3 A obtención de produtos elaborados

As materias primas ou produtos naturais son aquelas materias extraídas da natureza que se transforman para obter produtos elaborados. Segundo a maneira en que se realiza este traballo, a transformación pode ser de dous tipos: artesanal ou industrial.

1 O traballo artesanal

A **artesanía** é o traballo que consiste en elaborar obxectos de forma manual, utilizando para iso sinxelas máquinas ou ferramentas.

Este traballo realízase nos obradoiros ou talleres, e as persoas que o levan a cabo chámanse **artesáns**.

O artesán elabora o produto un a un, de xeito que a produción é reducida, e cada peza é única e diferente das demais.

Exemplos de artesáns son os carpinteiros, que elaboran mobles, os xoieiros, que fabrican xoias, os xastres e as modistas, que confeccionan vestidos, etc. Na actualidade o traballo artesanal practicamente desapareceu.

O encaixe de palillos é unha técnica manual para tecer pezas delicadas con fío de diferentes materiais como liño, seda, algodón, la ou fibras sintéticas.

Para traballaren o ferro, os ferreiros utilizan diversos instrumentos como o martelo, a bigornia e as tenaces. É un dos traballos artesanais que case desapareceu.

1. Quen son os artesáns? Pon exemplos de traballos artesanais e anota os produtos que elaboran.
2. Como realizan o seu traballo os artesáns? Que características teñen os produtos que fabrican?

102 Tema 7

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	4	Describir un concepto clave do tema empregando o vocabulario específico da área.
Interpersoal	7, 8	Explicar en que consiste a fabricación en serie e analizar as consecuencias da industrialización.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Valorar as achegas das diversas profesións ao benestar xeral. Expor as actividades que permiten a obtención de produtos naturais e a súa transformación.	Caracterizar o traballo artesanal e expor que tipo de produtos fabrican. Act. 1, 2, 5, 6. Explicar que son as materias primas, en que consiste o traballo industrial e a fabricación en serie. Act. 4-8.
Matemática, ciencias e tecnoloxía	Identificar a utilización de recursos procedentes de animais e plantas para obter produtos de uso común.	Valorar os cambios que supuxo na produción o traballo industrial e a produción en serie. Act. 7-8.
Comunicación lingüística	Describir elementos empregando o vocabulario propio da área.	Describir o concepto de materias primas. Act. 4.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

2 A industria

Na actualidade, a gran maioría de produtos elabóranse de forma industrial.

O traballo industrial é o que se realiza nas **fábricas**, onde os traballadores transforman as materias primas en produtos elaborados coa axuda de **máquinas**.

As máquinas permiten elaborar enormes cantidades dun mesmo produto. Este tipo de traballo denomínase **fabricación en serie**.

Segundo o tipo de produto que fabrican, as industrias clasifícanse en varios tipos:

En moitas industrias, os robots interveñen en parte da fabricación do produto.

As fábricas adoitan instalarse nos polígonos industriais dos arredores da cidade.

- **Industria téxtil**: a partir de fibras fabrícanse fíos, tecidos e roupa.
- **Industria química**: elabóranse pinturas, produtos de limpeza ou medicamentos.
- **Industria alimentaria**: elabóranse e envásanse queixos, leite, aceite, conservas, etc.
- **Industria electrónica**: fabrica televisores, teléfonos, ordenadores, etc.
- **Industria automobilística**: fabrica coches, motos, furgonetas...

3. Que produtos se elaboran nunha industria química? E nunha industria téxtil?

4. Explica coas túas palabras o que son as materias primas.

5. En que se diferencia o traballo artesanal do traballo industrial?

6. Pon un exemplo de artesán. Indaga que materiais necesita para elaborar un produto e que ferramentas utiliza.

7. Explica en que consiste a fabricación en serie. Que cambios supuxo para os artesáns este tipo de traballo? E para os compradores dos produtos?

8. Valora se foi positivo ou negativo que os produtos pasasen a fabricarse nas industrias e explica o porqué.

2. Os artesáns realizan o seu traballo elaborando os produtos de un en un, polo que a súa produción é reducida. Cada peza é única e diferente ás demais.

3. Na industria química elabóranse produtos de limpeza, pinturas ou medicamentos.

Nunha industria téxtil elabóranse diversos produtos a partir de fibras como, por exemplo, fíos, tecidos e roupa.

4. As materias primas son aquelas que se extraen directamente da natureza e que se transforman para obter produtos elaborados. Por exemplo: la, coiro, ouro, madeira, ferro, esparto, arxila, leite, carne, olivas, etc.

5. O traballo artesanal realízase con sinxelas ferramentas e cada peza é única, diferente ás demais.

O traballo industrial realízase utilizando maquinaria máis complexa que permite fabricar en serie enormes cantidades dun mesmo produto, todos iguais.

6. Actividade persoal. Por exemplo, no caso do carpinteiro:

- *Materiais*: madeiras diversas.
- *Ferramentas*: barrena, trencha, berbiquí, cepillos, formón, garlopa, gubias, martelo, lixa, sarxentos, serrucho, tenaces, serra de calar, escuadra, etc.

7. A fabricación en serie consiste en fabricar gran número de copias idénticas dun mesmo produto. Baséase na cadea de montaxe onde a cada traballador lle corresponde unha función específica da produción.

Supuxo un cambio revolucionario na produción industrial porque, en comparación co traballo artesanal, cada persoa deixaba de fabricar por completo o produto e limitábase a participar nunha parte do proceso.

Por outro lado, esta forma de produción permitiu fabricar máis e en menos tempo co que se abarataron os custos e baixou o prezo dos produtos.

8. Actividade persoal.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/676380– Observaremos este vídeo sobre a produción artesá do vidro. A continuación, pedirémoslles que nomeen algúns traballos artesanais.
- http://www.tiching.com/676384 – Neste caso, o alumnado pode visualizar este audiovisual para observar como funciona a cadea de montaxe dun fábrica.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Nesta dobre páxina completaremos o repaso das actividades produtivas centrándonos nos servizos. Os alumnos:
  - Coñecerán as diversas actividades que pertencen a este sector.
  - Diferenciarán os servizos públicos dos servizos privados.
  - Analizarán con máis detalle as características do comercio.
  - Comentarán os principais medios de transporte terrestre, marítimo e aéreo.

Solucións das actividades

1. Todos os traballos do sector servizos teñen en común que son actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas.

   Os traballos relacionados cos servizos adóitanse agrupar desta forma:

   – Educación: formado polos profesores e as profesoras de colexios, institutos e universidades.

   – Sanidade: formado polos médicos e enfermeiras de hospitais, clínicas e centros de saúde.

   – Comercio: formado por dependentes e caixeiros dos establecementos comerciais.

   – Transportes: formado polos transportistas que levan mercadorías e persoas dun lugar a outro.

   – Turismo: formado polos cociñeiros e camareiros de restaurantes, recepcionistas de hoteis, casas rurais, etc.

   Ademais, existen outros moitos traballos pertencentes ao sector servizos como, por exemplo, o que desempeña a policía, os bombeiros, os xornalistas, os avogados, etc.

2. Os servizos son as actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas que podemos clasificar en función de quen os ofrece.

   Os servizos públicos acostuman atender necesidades básicas da poboación e páganse cos impostos.

4 Os servizos

As actividades que se levan a cabo nos servizos non permiten obter nin transformar ningún produto. As persoas que traballan neles axudan a satisfacer as necesidades dos cidadáns e cidadás.

1 As actividades de servizos

Chamámoslles **servizos** ás actividades destinadas a mellorar a calidade de vida das persoas.

Os traballos dos servizos son moi numerosos e adóitanse agrupar en:

- **Educación**. Inclúe **profesores** e **profesoras** que se dedican a ensinar nos colexios, nos institutos ou nas universidades.
- **Sanidade**. Neste grupo traballan os **médicos** e **enfermeiros** que coidan os enfermos nos hospitais, clínicas ou centros de saúde.
- **Comercio**. Agrupa as persoas que atenden e venden produtos en tendas, mercados, almacéns (**dependentes**, **caixeiros**...).
- **Transportes**. Dálles traballo aos **transportistas** que levan mercadorías e persoas dun lugar a outro (**camioneiros**, **taxistas**, etc.).
- **Turismo**. Inclúe os **cociñeiros** e **camareiros** que traballan nos restaurantes, os **recepcionistas** dos hoteis, etc.

Ademais, existen outros moitos traballos como os que realizan os **xornalistas**, os **empregados de banca**, os **perruqueiros**, os **avogados**...

Ensinar e educar os nenos e nenas.

Atender os enfermos.

Guiar e acompañar os visitantes a coñecer o patrimonio dun lugar.

Servizos públicos e privados

Os **servizos públicos** dependen do goberno dun territorio ou do concello e realízanos os funcionarios. Adoitan atender necesidades básicas da poboación e custéanse cos impostos.

Os **servizos privados** son aqueles que ofrece unha empresa cuxa propiedade está en mans dunha persoa ou de varias. Estes servizos custéanse cos cartos que paga o cidadán que utiliza o servizo.

1. En que consisten os traballos do sector servizos? Como se veñen agrupando estes traballos?
2. En que se diferencian os servizos públicos dos privados?

104 Tema 7

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Valorar as achegas das diversas profesións ao benestar xeral. Identificar as actividades que forman parte do sector servizos.	Explicar en que consisten os traballos do sector servizos e como se clasifican. Act. 1, 2, 5, 6. Describir en que consiste o comercio. Act. 3, 7. Recoñecer os grandes medios de transporte. Act. 4.
Dixital	Interpretar imaxes e detectar a información que transmiten.	Identificar a partir de imaxes diversas profesións relacionadas co sector servizos e clasificalas correctamente. Act. 5, 7.
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Clasificar as actividades de servizos, comerciais e os transportes segundo os criterios expostos no libro de texto. Act. 1, 2, 4, 7. Realizar unha listaxe con traballos de servizos. Act. 6.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor	Autoevaluar os resultados dos procesos de aprendizaxe.	Comprobar o grao de comprensión dos contidos estudados no apartado. Act. 1-4.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

2 O comercio

Todos os días consumimos alimentos, usamos roupa, calzado, etc., que debemos mercar.

Os agricultores, pescadores ou industrias obteñen ou elaboran moitos produtos para vendérllelos aos que os desexen ou necesiten.

A actividade de mercar e vender chámase comercio. Os lugares onde os comerciantes lles venden os seus produtos aos consumidores son os comercios ou establecementos comerciais.

3. Que é o comercio? En que lugares se leva a cabo?

Un comercio pode vender moitos produtos ou, pola contra, estar especializado nun só.

3 Os transportes

Os medios de transporte utilizámolos para desprazármonos ou transportar mercadorías. Estes medios de transporte poden ser terrestres, marítimos ou aéreos.

O transporte **terrestre** realízase por estrada con coches, motocicletas, autocares e camións, ou por ferrocarril con trens.

O transporte **marítimo** realízase con barcos, que poden ser de pasaxeiros ou de carga, e o aéreo por medio de **avións**.

4. Que grandes medios de transporte existen? Con que vehículos se realizan?

5. Observa as fotografías da páxina anterior. Le os textos e deduce a que profesión corresponde cada unha e de que grupo do sector servizos forma parte.

6. Fai unha listaxe de todos os traballos de servizos que coñezas.

7. Fíxate nas imaxes do comercio. Que venden en cada un? Cal é o maior? En que lugares os podemos atopar?

VOCABULARIO

Funcionario: Persoa que traballa nos servizos públicos.

Imposto: Pagamento que realizan os cidadáns e cidadás ao Estado para facerlles fronte ás necesidades públicas.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/685860 – Conxunto de sinxelas actividades interactivas sobre os traballos relacionados cos servizos.

Tras realizar os exercicios e ler os textos do libro podemos formularlle algunhas preguntas ao alumnado:

– *A que lle chamamos servizos? Que son os servizos públicos? E os servizos privados?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.

Actividades abertas que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Dependen do goberno dun territorio ou do Concello e son realizados por funcionarios.

Os servizos privados son os que ofrece unha empresa cuxa propiedade está en mans dunha ou máis persoas.

Cúbrense co diñeiro que pagan os cidadáns que utilizan estes servizos.

3. O comercio é a actividade que se basea na compra e venda de produtos.

Esta actividade lévase a cabo nos comercios ou establecementos comerciais, onde os comerciantes venden os seus produtos.

4. Os medios de transporte pódense clasificar en *terrestres*, se se realizan por estrada ou por ferrocarril; *marítimos*, se se realiza polo mar; ou *aéreos* se se realizan polo aire.

Os principais vehículos do transporte por estrada son os coches, motocicletas, autocares, camións e os trens.

O transporte marítimo realízase con barcos.

O transporte aéreo realízase con avións e helicópteros.

5. A fotografía superior mostra unha profesora na aula cos alumnos. O seu traballo pertence ao sector da educación.

Na fotografía central podemos ver un médico atendendo un neno. O seu traballo pertence ao sector da sanidade.

A foto inferior mostra un guía dando a coñecer o patrimonio dun museo. O seu traballo pertence ao sector do turismo.

6. Actividade persoal.

7. Na fotografía superior podemos ver o interior dun hipermercado, na sección dedicada á venda de material deportivo.

Estes establecementos podemos encontralos nas cidades.

A foto inferior mostra unha peixería, que é un comercio pequeno especializado na venda de peixe. Podemos encontrar estes comercios tanto en aldeas como en cidades.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- Neste apartado analizaremos o percorrido que seguen os produtos desde a súa elaboración ou obtención ata que chegan ao consumidor. Os alumnos:

- Observarán o camiño que segue unha froita cultivada no campo ata que a mercamos transformada en marmelada.
- Diferenciarán entre comerciantes almacenistas e minoristas.

Solucións das actividades

1. Os agricultores son os encargados de traballar a terra e de recoller a colleita cando chega o momento.

Unha vez recollida a colleita, é trasladada desde o campo onde medrou ata a fábrica.

Na fábrica, a froita é a materia prima que será seleccionada, lavada e procesada para a obtención da marmelada.

Cando a marmelada xa está elaborada e envasada, o almacenista mércalle ao fabricante grandes cantidades do produto.

Despois, un comerciante minorista mércalle parte da produción de marmelada ao almacenista.

Finalmente, o minorista leva a marmelada que mercou ata a tenda, na que se porá á venda directa aos consumidores.

Os oficios que interveñen en todo este proceso son, por orde de aparición:

- Agricultor.
- Recacador.
- Transportista.
- Operarios de cada sección da fábrica: recepción, limpeza, selección, pelado, escaldado, envasado, etc.
- Almacenista e transportista.
- Minorista.

2. Os pasos que están relacionados cos produtos naturais son o 1 e o 2.

O paso 3 é o relacionado coa obtención de produtos elaborados: a marmelada.

5 Descubro...

O camiño do produtor ao consumidor

Os produtos que mercamos seguiron un longo percorrido desde o lugar da súa produción ata chegar ás nosas mans.

Imos observar o camiño que segue unha froita cultivada no campo e que se converterá nun bote de marmelada que compraremos.

Neste proceso, que abrangue desde o momento en que un agricultor recolle a súa colleita ata que un produto elaborado con ela chega á nosa casa, interveñen moitas persoas:

✔ Os **produtores**, que son os que obteñen ou elaboran os produtos.

✔ Os **comerciantes**, que mercan os produtos para despois vendelos e que poden ser:

- **Comerciantes por xunto**: mercan grandes cantidades directamente aos produtores para vendérllelas despois a outros comerciantes.
- **Comerciantes polo miúdo** ou **retallistas**: comerciantes que lles compran aos comerciantes por xunto e, posteriormente, venden os produtos nas tendas.

✔ Os **consumidores** mercan os produtos nas tendas, mercados, supermercados ou grandes superficies para consumilos.



1 Os agricultores traballan a terra e, cando chega o momento, recollen a colleita.

6 O comerciante polo miúdo leva o que mercou ata a tenda. Na tenda véndeselles o produto aos consumidores.

106 Tema 7

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	1	Describir un proceso empregando o vocabulario específico da área.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Valorar as achegas das diversas profesións ao benestar xeral. Expor as actividades que permiten a obtención de produtos naturais e a súa transformación. Identificar as actividades que forman parte do sector servizos.	Explicar os pasos do proceso que segue unha froita ata chegar ás mans do consumidor final. Act. 1. Enumerar as profesións que interveñen neste proceso. Act. 1. Identificar a que sector pertencen os pasos do proceso. Act. 2.
Comunicación lingüística	Describir elementos empregando o vocabulario propio da área.	Describir os pasos que segue unha froita desde o campo ata o supermercado. Act. 1. Designar correctamente os oficios que interveñen no proceso e o sector ao que pertencen. Act. 1-2.
Sentido de iniciativa e espírito empren...	Autoavaliar os resultados dos procesos de aprendizaxe.	Comprobar a comprensión dos contidos estudados. Act. 1-2.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

2 A colleita é trasladada desde o campo onde medrou ata a fábrica.

3 En fábrica, a froita é a materia prima que se manipula para obter a marmelada.

4 O comerciante por xunto mércalle ao fabricante grandes cantidades do produto.

5 Un comerciante polo miúdo merca parte da produción de marmelada.

1. Describe cada un dos pasos do proceso que permite que un produto chegue ata os consumidores. Despois, identifica os oficios que interveñen neste proceso.

2. Cal dos pasos do camiño do produtor ao consumidor está relacionado cos produtos naturais? Cal cos produtos elaborados? Que servizos están representados?

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/676387– Esta páxina web pódenos servir de exemplo para o tema que se tratou. É o exemplo do percorrido que fai unha froita desde o campo ata a cesta da compra.

Podemos formularlles aos alumnos estas preguntas:

– *Por cantas etapas pasa un produto ata que é consumido? Cantos sectores están implicados?*

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

O sector servizos está representado polos comerciantes almacenistas e minoristas.

Actividades de reforzo

1. Os alumnos describirán algunhas imaxes do libro respondendo as seguintes preguntas:

– *Que froita está a recoller o señor da primeira fotografía?*

– *Que pasará se a froita cae ao chan? Poderase vender? Por que?*

– *Por que usan pucho e luvas as mulleres da fábrica?*

– *Para que serve a cinta transportadora máis estreita?*

– *Que vehículo utilizan para transportar a mercadoría no almacén?*

Solución: Actividade persoal e en grupo.

2. Pedirémoslles as alumnos que expliquen na aula cales son as ocupacións laborais dos seus familiares máis directos.

Entón, dirán a que sector pertence cada un deses traballos:

– Á obtención de produtos naturais.

– Á obtención de produtos elaborados.

– Ao sector dos servizos.

Solución: Actividade persoal e en grupo.

3. Proporémoslles aos alumnos que indiquen diferentes obxectos da clase e sinalen con que materiais se fabricaron: metais, plásticos, tecidos, madeira, etc.

A continuación, pedirémoslles que indiquen con que tipo de industria se elaboraron: química, téxtil, electrónica, metalúrxica, etc.

Solución: Actividade en grupo.

Actividades de ampliación

1. Solicitarémoslles aos nenos que indaguen na Internet sobre o proceso que segue o aceite ata que chega ás nosas casas.

Solución: A modo de exemplo: tras a recollida das olivas transpórtanse ás fábricas para ser esmiuzadas e convertidas nunha pasta que, prensada, desprende o aceite. Unha vez refinado, envásase para ser comercializado nas tendas.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

Orientacións didácticas

- O apartado *Repaso o aprendido* permitirá que os alumnos revisen os contidos traballados nos distintos apartados:

- Un esquema ordena visualmente as distintas actividades produtivas que estudamos ao longo da unidade.
- Repásanse as características singulares de cada sector.
- Proponse a elección dun oficio en función dos gustos persoais e a busca de información sobre el.
- Xogaremos a adiviñar oficios utilizando a mímica.
- Finalmente, buscaremos as palabras correspondentes a varias definicións agachadas nunha sopa de letras.

Solucións das actividades

1. Actividade persoal.

2. As principais actividades das que proceden os produtos naturais son a *agricultura*, a gandería, a *pesca* e a minería.

As materias *primas* ou produtos naturais son aquelas materias extraídas da *natureza* que se transforman para obter produtos elaborados.

Os produtos elaborados pódense obter a través do traballo *artesanal* que os elabora de forma *manual* ou da *industria*, que se axuda de *máquinas*.

Os *servizos* son as actividades destinadas a satisfacer as *necesidades* das persoas.

Acostúmanse agrupar en educación, *sanidade*, transportes, *turismo* e comercio.

3. Actividade persoal.

4. Actividade en grupo.

5. A palabra correspondente a cada definición é:

- Gandería criada en cortes: *intensiva*.
- Pesca marítima preto da costa: *baixura*.

Repaso o aprendido

1. Copia este mapa conceptual no teu caderno.



2. Copia e completa no teu caderno.

- As principais actividades das que proceden os produtos naturais son a ..., a gandaría, a ... e a minaría.
- As materias ... ou produtos naturais son aquelas materias extraídas da ... que se transforman para obter produtos ... .
- Os produtos elaborados pódense obter a través do traballo ... que os elabora de forma ... ou da ..., que se axuda de ... .
- Os ... son as actividades destinadas a satisfacer as ... das persoas. Adóitanse agrupar en educación, ..., transportes, ... e comercio.

3. Fai unha redacción.

Escribe unha breve redacción na que expliques cal é o oficio no que che gustaría traballar cando sexas maior.
Podes poñer varios oficios e debes explicar os motivos polos que che gustan.

Ademais deberás dicir todo o que saibas dese oficio: en que consiste, que produto ou servizo dá, se cres que é doado ou difícil, etc.
Finalmente, relaciónao cos produtos naturais, cos produtos elaborados ou cos servizos.

108 Tema 7

Intelixencia múltiple	Actividade	Tarefa para desenvolver en cada actividade
Lingüística	3	Escribir unha redacción expondo as características do oficio ao que quere dedicarse cando sexa maior.
	5	Resolver unha sopa de letras co vocabulario aprendido no tema.
Interpersoal	4	Participar nunha dinámica de grupo consistente nun xogo de mímica sobre os oficios.

Competencia	Indicadores	Tarefas e actividades
Sociais e cívicas	Valorar as achegas das profesións ao benestar xeral. Expor as actividades que xeran e elaboran produtos. Identificar as actividades que forman parte do sector servizos.	Sintetizar as características das actividades produtivas. Act. 1-2. Identificar e caracterizar diversos oficios. Act. 3 e 4. Resolver unha sopa de letras con conceptos clave do tema. Act. 5.
Comunicación lingüística	Utilizar correctamente o vocabulario específico da área.	Redactar e resolver unha sopa de letras recorrendo ao vocabulario aprendido no tema. Act. 3 e 5.
Aprender a aprender	Organizar, memorizar e recuperar a información obtida.	Interpretar un mapa conceptual do tema. Act. 1.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

4. Adiviñamos oficios.

Presentámosvos un xogo que consiste en adiviñar diferentes oficios utilizando a mímica:

a. Dividiremos a clase en grupos de cinco alumnos e alumnas. A continuación explicarémoslles que imos facer un xogo no que deben adiviñar un oficio.

Para iso, cada grupo escollerá un representante que será quen, a través da mímica, tratará de explicarlles de que oficio se trata aos seus compañeiros e compañeiras de grupo.

b. Chamaremos o alumno ou alumna escollido e darémoslle un papel no que estea anotado o oficio que debe representar. Sen dicir nada e utilizando soamente xestos, terá un minuto para que os membros do seu grupo adiviñen de que oficio se trata.

c. Se pasa o tempo e non o acertan seguirá outro grupo. En caso de acertalo, preguntarémoslles se ese oficio está relacionado cos produtos naturais, coa artesanía ou coa industria ou cos servizos.

Por acertar o oficio terán un punto, e por clasificalo correctamente, outro. Gañará o equipo que acumule máis puntos.

XOGANDO TAMÉN SE APRENDE

5. Descubre as palabras acochadas.

Busca na sopa de letras estas definicións:

- Gandaría criada en cortes.
- Pesca marítima preto da costa.
- Persoa que elabora os produtos coas súas mans, con ferramentas ou máquinas sinxelas.
- Lugar onde se localizan os minerais.
- Comerciante que vende os produtos nas tendas.
- Gandaría que se cría en prados.
- Pesca marítima lonxe da costa.
- Tipo de transporte que se leva a cabo por medio de avións.

N	Q	M	P	D	O	E	B	X	S	E
F	Z	A	R	T	E	S	A	N	V	X
I	G	M	F	C	I	M	I	L	Q	T
L	R	O	V	E	P	D	X	R	A	E
O	A	E	R	E	O	L	U	M	L	N
N	H	I	Z	F	C	D	R	S	T	S
S	B	S	T	G	U	C	A	P	U	I
I	N	T	E	N	S	I	V	A	R	V
R	D	A	E	H	B	P	H	G	A	A
R	E	T	A	L	L	I	S	T	A	U

- Persoa que elabora os produtos coas mans, con ferramentas ou máquinas sinxelas: *artesán*.
- Lugar onde se localizan os minerais: *mina*.
- Comerciante que vende os produtos nas tendas: *minorista*.
- Gandaría que se cría en prados: *extensiva*.
- Pesca marítima lonxe da costa: *altura*.
- Comerciante que merca grandes cantidades para as vender a outros comerciantes: *almacenista*.

A solución da sopa de letras é a seguinte:

N	Q	M	P	D	O	E	**B**	X	S	**E**
F	Z	**A**	**R**	**T**	**E**	**S**	**A**	**N**	V	**X**
I	G	M	F	C	I	M	**I**	L	Q	**T**
L	R	O	V	E	P	D	**X**	R	**A**	**E**
O	**A**	**E**	**R**	**E**	**O**	L	**U**	M	**L**	**N**
N	H	I	Z	F	C	D	**R**	S	**T**	**S**
S	B	S	T	G	U	C	**A**	P	**U**	**I**
I	**N**	**T**	**E**	**N**	**S**	**I**	**V**	**A**	**R**	**V**
R	D	A	E	H	B	P	H	G	**A**	**A**
R	**E**	**T**	**A**	**L**	**L**	**I**	**S**	**T**	**A**	C

Actividades de ampliación

1. Proporémoslles aos nenos a elaboración de colonia caseira. Para iso necesitaremos o seguinte:

- Alcol de farmacia.
- Auga.
- Substancias das que poidamos extraer aromas naturais: tomiño, romeo, menta, canela, pel de laranxa ou limón, etc.
- Un frasco de cristal.

PROCEDEMENTO:

Partiremos as follas ou a pel da froita en anacos pequenos e colocarémolos nun morteiro cun pouco de alcol. Esmiuzarémolo todo e pasaremos a mestura a un recipiente de cristal. En cada recipiente seleccionaremos a mestura correspondente a un produto natural.

Engadiremos máis de alcol e deixarémolo macerar durante unha ou dúas semanas. Pasado ese tempo, filtraremos a mestura para eliminar os restos vexetais e engadiremos un pouco de auga para suavizar a colonia caseira.

Solución: Actividade en grupo.

NAVEGAMOS POR TICHING

- http://www.tiching.com/685861 – Paquete de actividades interactivas sobre os diferentes tipos de traballos e actividades produtivas.
- http://www.tiching.com/676397 – Tamén podemos utilizar esta páxina web para repasar os contidos. Os alumnos poden realizar as diferentes actividades sobre o tema dos traballos.

LIBRO DIXITAL

- *Actividades autocorrectivas* que o alumnado poderá resolver individualmente e comprobar se as solucións son correctas.
- *Actividades abertas* que o alumnado poderá solucionar e o profesor ou profesora, posteriormente corrixirá.

Profe de Demo (VV) Valid. 29/04/2016 (Deleg)

NAVEGAMOS POR TICHING	
TICHING	WEBS
http://www.tiching.com/676361	http://cplosangeles.juntaextremadura.net/web/edilim/curso_3/cmedio/los_trabajos_3/agricultura/agricultura.html
http://www.tiching.com/676368	https://www.youtube.com/watch?v=kTvkS2naJAQ
http://www.tiching.com/676379	http://algargos.lacoctelera.net/post/2010/02/08/mapas-localizar-explotaciones-mineras-hist-ricas-y-actuales
http://www.tiching.com/676380	https://www.youtube.com/watch?v=F7c7P0vJsMA
http://www.tiching.com/676384	https://www.youtube.com/watch?v=z7jEyRzhCIM
http://www.tiching.com/676387	http://www.5aldia.org/v_5aldia/informacion/informacionver.asp?cod=2419&te=783&idage=4619
http://www.tiching.com/676396	http://cplosangeles.juntaextremadura.net/web/edilim/curso_2/cmedio/trabajos02/trabajos02/trabajos02.html
http://www.tiching.com/676397	http://www.clarionweb.es/3_curso/c_medio/cm310/cm310.htm
http://www.tiching.com/685852	https://www.youtube.com/watch?v=-cyBfvqAw9I
http://www.tiching.com/685859	http://gl.wikipedia.org/wiki/Gander%C3%ADa
http://www.tiching.com/685860	http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1363685103/contido/traballo_servizos.html
http://www.tiching.com/685861	http://www.edu.xunta.es/espazoAbalar/sites/espazoAbalar/files/datos/1363685579/contido/traballos.html